

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Rosario Álvarez Blanco (2015): "A imaxe lingüística dos galegos fóra de Galicia. Textos hispánicos do século XVII". *XI Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudios Galegos 2015*. Bos Aires (Arxentina), 6-8 abril 2015



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



XI Congreso Internacional Asociación Internacional de Estudios Galegos

A IMAXE LINGÜÍSTICA DOS GALEGOS FÓRA DE GALICIA Textos hispánicos do séc. XVII

Rosario Álvarez
rosario.alvarez@usc.es

Proyecto Gondomar. Corpus digital de textos galegos da Idade Moderna. Catalogación, multiedición, glosario e estudio

Decadencia da escrita en galego

Presenza en textos hispánicos do séc. XVI e primeiras décadas do séc. XVII

Marco xeral: escasez de textos

➤ Antes de 1650

- prosa documental primeiras décadas XVI
- constitucións e memorias (reais ou falsificadas)
- algunas cartas
- proverbios e refráns
- glosas e anotacións marxinaias
- parlamentos en galego (?), obras dramáticas fóra de Galicia
 - Tirso de Molina (1610c)
- pequenas obras dramáticas locais ou partes delas
 - Virgine Deipara (Monterrei 1581), Sortija (Monforte 1594), Alberte e Bieito (Pontevedra 1600c)
- raros poemas de circunstancias
 - inéditos: Diego das Mariñas (1594c), Maria Pita (1619-20)
 - impresos: Exequias (1612), Torrado (1627c)
- composicións de datación e fiabilidade dubidosas
- cancións de transmisión irregular (cancioneiros hispánicos)
 - galego, égalego ou portugués?
 - hibridación galego-castelán, portugués-castelán
- vilancicos

➤ Características básicas

- Basicamente manuscritos
- Salvo excepción, anónimos
- Dificultades na tradición: dúbidas sobre aspectos básicos
- Literatura efémera, de circunstancias

Os vilancicos

- Polo xeral, pártese de letras xa existentes, romances e cancións de tipo relixioso ou profano. Moitas circulan xa con esta finalidade, dunha capela a outra.
- O vilancico esixe un estribillo (mote, refrán). Se a composición de partida non o ten, hai que poñerlo.
- Non interesa a autoría do texto: menciónase o autor da música (orixinal ou arranxos), non da letra
- Ningunha pretensión de fidelidade ao poema orixinal
 - supresión de versos ou estrofas
 - engadido de versos ou estrofas, novos ou doutras composicións.
 - cambios na orde
 - alteracións lingüísticas de distintos tipos, basicamente por
 - interferencias (cast. ou port.)
 - hipercaracterización (desde o cast. ou desde o port.)
 - incomprensión ou mala interpretación lingüística
- Chegan a nós
 - impresos desde as primeiras décadas do séc. XVII
 - con antecedencia:
 - impresos: en coleccións varias (sobre todo musicais)
 - manuscritos: colectados en cancioneiros (ex. do Carmelo)
 - outros indicios
 - Relacións varias de primeiros títulos (capilla real, capela real, etc.).
 - toda a península, América.

Ollos tan divinos

Carmelo de Valladolid 1590-1606

Edición de texto

—Ollos tan diuinos,
že por que chorais,
s' habeis **pucherinos**
e vos fatigais?

—Se **algúa cosa**
vos falta en Belén
idvos Santarén
que é **cosa** preciosa,

terra muito honrosa
que vós muito amais,
e esos pucherinos
ja vós non façais.

—**Soi** muito fidalgo,
muito cabaleiro,
e por ende **queiro**
vos praçer en algo.

Pois que tanto valgo
decei que mandais,
e esos **pucherinos**
ja vós non façais.

Se holanda quereis,
que vale un Perú,
lenço calecú,
hilo portugués,

si en todo este mes,
e **vós lo** pagais,
tantos **pucherinos**
ja vós non façais.

Comentarios

- **Pucherinos** => *pucheiriños* (problema rima consoante). Noutros casos hai rima *divino/-iño*.
- **Algúa** => *algunha?* (variante dialectal?, solución gráfica?)
- **Cosa** => *cousa* (grafa pronuncia á portuguesa?). Noutros casos rima asoante *-ouro/-oso*.
- **Esos** => *eses?* (variante dialectal?, castelanismo?).
- **Soi** => *son?*, *sou?* (interpretación errónea?, castelanismo?).
- **Queiro** ‘quiero’ (variante histórica, favorecida pola rima).
- **Hilo** => *fio* (castelanismo).
- **Si en todo** => *si eu to/cho dou?*
- **Vós lo** => *vólo* (representación gráfica da amalgama [bɔlo]).

Veña embora veña

Lisboa 1640, Toledo 1641, Lisboa 1645

Lisboa (I) 1640 (L)	Lisboa (II) 1640 (D)	Toledo 1641	Lisboa (III) 1645	edición
<p>Beña nora buena o ceo para a terra.</p> <p>Beña minha vida e seja de Galicia.</p> <p>Beña o Sol divino que nace garridiño.</p> <p>Beña o Sol fermoso que nace como un ouro.</p>	<p>Beña nora buena o ceo para a terra.</p> <p>Beña minha vida e seja de Galicia.</p> <p>Beña o Sol divino que nace garridiño.</p> <p>Beña o Sol fermoso que nace como un ouro.</p>	<p>Beña en bora, beña o ceo para terra.</p> <p>Beña, miña vida, y seja de Galicia.</p> <p>Beña o Sol diuiño, que nace garridiño.</p> <p>Beña o Sol fermoso, que nace como un oyro.</p>	<p>Veña embora, veña o ceo para a terra.</p> <p>Veña miña vida e seja de Galicia.</p> <p>Veña o Sol divino que nace garridiño.</p> <p>Veña o Sol fermoso que nace como un ouro.</p>	<p>Veña embora, veña o ceo para a terra.</p> <p>Veña [a] miña vida e seja de Galicia.</p> <p>Veña o Sol divino que nace garridiño.</p> <p>Veña o Sol fermoso que nace como un <u>ouro</u>.</p>

GALEGUIZADORES

pronuncia : beña (<= portugués).

HIPERGALEGUIZADORES

terminación -iño: *diuiño* (<= castelán)
ditongos decrec.: *oyro?* (<= castelán)

TRAZOS DO PORTUGUÉS

grafía<nh> /ɲ/: *minha*
<oi> por <ou>: *oyro?*

TRAZOS DO CASTELÁN

interpret.: *embora beña => norabuena*
léxico: *buenas*
cont.: *para* (< para a)
conx.: *y?*

A difusión das variantes

Outros trazos de Toledo 1641

Formas que “portuguesizan” o texto e faltan nas outras versións.

- Variantes tipicamente portuguesas : *oyro*, adv. *ca* e *la*, (eu) *sou...* Só remotamente ou de maneira moi minoritaria se poden documentar en galego.
- Representación gráficas de pronuncias á portuguesa, coma se a transmisión fose oral: *parabéin*, *bein*, *choteyra*, *y*, *dounzeliña...*

En suma, Toledo_1641 chegou desde Portugal ou da man de portugueses.

Hipótese sobre a difusión

versión Castela
a. 1640



Lisboa 1640



???

outra versión Portugal
a. 1641



Toledo 1641



Lisboa 1645

O valor lingüístico das letras

Autenticidade, imitación ou parodia

- Escasez de testemuños escritos contemporáneos: valor / dificultade
 - universo amplio: recorrenza solucións (autores, lugares, épocas) / marcas de “xénero”
- Diferentes formas de testemuño
 - características do galego da época (comprobables):
 - variación diacrónica e diatópica: *a-y-alma* (1666), *mirouno* (1656), *che/bos* solidariedade (1649, 1640)
 - formas léxicas: *aforro* ‘cobertor’, *emprallar* (<emparellar) ‘igualar’, *adergar* ‘cadrar, por acaso’, *garzón*, *folixar*, *saia chouteira*, *fragueira* ‘penalidade’, *paroubela* ‘peripecia’, *pucha* (de fariña), (*galeguiños*) de estante...
 - significados e construcións: *botar a* ‘dirixirse’, *rever en* ‘derreterse por’
 - fraseoloxía: *cantar de vea*
 - indicadores da hipercaracterización e da parodia: *-iño, foyran, toidos*
 - información contrastiva: gal. vs port., gal. vs cast., port. vs cast.

Madrid 1629. Convento Encarnación

A Belén Casa de Pan / los gallegos y gallegas,
como hoy el Trigo ha nacido, / juzgan que van a la siega.

ESTRIBILLO

*Ay que contentu, / mas ay que folgança
es el baylar a o zumbo de a gaita.
Cata, Maruca, / o neno garridiño,
deitado nas pallas / como os galeguiños.
Cata Domingón / la sua Nay bela,
las suas manos postas / los ollos en a terra.
Ay, que por baylar / a o son de a frauta,
ay que me bu, que me bullen as patas.
Ay, que vendo a o Neno / y a sua Nay santa
se me reconcomen / o corpo, y el alma.*

COPLAS

—¿Dime, Domingón, **quién es** este Neno?
—Primo de Santiago, patrón de os Galegos.
—¿Y qué le **traedes**, que está **pobreciño**?
—**Traigo**le un **sartal**, de **pelras** de vidro.
—Cata como chora / deitado nas pallas,
toma aqueste pano. Enxúga**je** as pestanas.
*Ay, que por baylar / a o son de a frauta,
ay que me bu, que me bullen as patas.*
(...)

A imaxe lingüística do galego

O galego caracterízase por

- Ditongos decrecientes (cursiva en formas posibles)
 - <ai>: fracaïssø, pays ‘paz’
 - <ei>: queiro, creigo ‘creo’, teyner, peina, donzeila
 - <oi>: foiron, castañoilas, coiraçon
 - <ui>: tuido
- Non ditongos <ie, ue>: vene
- Para os portugueses, [b]: beño, beña...
- Rotacismo en grupo con oclusivas: *fror, preito, cravel*
- Todo acaba en *-iñō*: diviño
- Algunhas formas morfolóxicas típicas
 - *eu, meu* (miño), *miña*
 - *-des ~ is* (*bailais, trangeis*), imp. *tocai, tangei, vení*
- Un certo arcaísmo
 - *aqueste*
- Algunhas palabras claves
 - *may = nay), donzela, ollos, Deus, folga – folgança,*
 - *neno = meniño, cachopiño, garriдиño, fermoso, bela*
 - *gaita, frauta, pandeiro, volteta, cantiga=cantiña, chouteira*
 - *chamar, chegar, pallas, estrelas, noite*

Toledo 1638, México 1650,
Toledo 1633

Tenemos muitas galiñas,
cabritiños, terneriñas,
mel, e queju, e mil cosiñas,
muyto viño, e muyto pan.
Ay...

Ay galeguiños ay,
ay que lo vejo mas ay que lo miro
ay que lo vejo en un pesebriño.
Ay, ay galeguiños ay...
Ay, ay o fillo de Deus ay, ay que a la terra vino.
Ay o fillo de Deus ay, que a la terra vino.
Ay galeguiños ay,
ay que lo vejo mas ay que lo miro
ay que lo vejo en un portaliño.
Ay, soen gaitiñas e dai mil boltiñas
ay tocá las flautiñas tamben los pandeiros ay,
ay que face pucheiros por mis amoriños.
Ay galeguiños ay...
Ay fagámoslle festas que entre duas bestas
ay que muito le cuesta nace sendo nobre ay,
ay na terra tan pobre por os pecadiños.
Ay galeguiños ay...

iAy! Galeguiño nace, fagámosle FESTAS,
e venga Tosíño dando mil bolttetas.
iAy! Galeguiño nace entre duas BESTAS,
que meus amoriños muyto asas le CUESTA.
iAy! Galeguiño nace, derramando PERLAS,
que o Conde de Lemos dize a sua PRESENÇA:
iAy! Fermosiño, etc.

Xerez de la Frontera
1649

Ay cachopiño belo
dochome a Deus [=dóucheme]
como **sois** Galego.
Ay **miño** pai diuino
dochome a Deus
como sois Galegiño.
Ay cachopiño de **oiro**
dochome a Deus
como sois fermoso.
Ay miño pay de vida
dochome a Deus
como sois de Galicia.
No vosso portaliño
para ser **pao de os** ceos
naceis entre as espigas
que comen os Galegos.
Ay belo fermosiño
dochome a Deus que **os** vejo
no portaliño pobre
donde estais encuberto.
Eu vos teño nos ollos
porque dizen os cregos
que vos sois a lusiña
dos ollos con que vejo.
(...)

- Quixemos romper unha lanza por estes textos, chamando a atención sobre
 - a súa existencia, en todos os territorios dependentes das coroas española e portuguesa
 - o gran número de testemuños, de maior ou menor circulación e con trasmisión complexa
 - a necesidade de levantamento, inventario, catalogación e estudio
- Pretendemos mostrar que é posible o traballo filolóxico, con metodoloxía científica, para restablecer o texto base.
 - Nas primeiras décadas, de modo xeral, non son imitacións e non teñen carácter paródico
 - Textos válidos, que cómpre recuperar para a historia da lingua e da literatura galegas.
- Sostemos que o traballo filolóxico debe permitir
 - separar problemas debidos á transmisión textual deficiente en contextos lingüísticos non galegos
 - analizar a posible hibridación lingüística do texto (fónica, morfolóxica, léxica), debida ás diferentes linguas de contacto, nomeadamente castelán e portugués
 - trazos previsibles por simple contacto
 - trazos debidos á ultracorrección ou hipercaracterización do texto
- Un traballo filolóxico de utilidade para
 - o corpus léxico do galego
 - a datación de fenómenos fonéticos e morfolóxicos (variantes de distinto tipo, tamén diatópicas)
 - nesta ocasión quixemos mostrar os trazos principais do perfil lingüístico do galego (dos galegofalantes), a través do s que lles pareceron caracterizadores aos contemporáneos falantes doutras linguas.